

Atrasos → dende o SEPE informan que xa está todo pagado, tanto a actualización do 0,5% como os atrasos dende o un de xaneiro.

Pola contra no OEITSS informan que pagaron a actualización pero que os atrasos intentaran pagalos ao longo do que resta deste mes de novembro.

Complementos → co voto en contra da CIG, polo xeito de financiar esta asignación de complementos, elevarase á Comisión paritaria unha proposta de asignación de complementos RCT, JP4 e PRJ, para todo o persoal coa condición de que aqueles que supoñan unha modificación horaria ten que o persoal afectado dar a súa conformidade.

Volvemos a poñer enriba da mesa que estamos de acordo coa creación dos complementos pero non estamos de acordo co xeito de financiar esa creación.

Produtividade → dende o SEPE informan que o remanente que se cobrará en decembro, agardan que será superior ao de outubro pero que aínda non está pechado.

Roupa de traballo → dende CIG preguntamos expresamente pola situación do persoal incorporado nos últimos concursos, si xa se lles entregou a roupa correspondente. Tódolos organismos responden afirmativamente. Se estás nesta situación e non te entregaron a roupa de traballo podes poñerte en contacto con nos.

Galicia, 23 de novembro de 2023